



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



**Proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da
Administración xeral da Comunidade Autónoma de
Galicia, subgrupo A2, escala técnica de estatístico/as**

Primeiro exercicio
Acceso : acceso libre

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

- 1. Segundo a Constitución española de 1978, é un dereito fundamental o de:**
 - a) Libre elección de profesión
 - b) Contraer matrimonio
 - c) Protección da saúde
 - d) Asociación

- 2. De acordo co disposto na Constitución española de 1978, a soberanía nacional reside**
 - a) Na Xefatura do Estado, da que emanan os poderes do Estado
 - b) No Pobo español, do que emanan os poderes do Estado
 - c) Nas Cortes Xerais, das que emanan os poderes do Estado
 - d) Na Nación española, da que emanan os poderes do Estado

- 3. A Constitución española de 1978 establece que a autorización para convocar consultas populares por vía de referendo é competencia**
 - a) Estatal, cando non fose asumida polas Comunidades Autónomas
 - b) Das Comunidades Autónomas, cando no fose asumida polo Estado
 - c) Exclusiva do Estado
 - d) Compartida entre o Estado e as Comunidades Autónomas

- 4. De acordo co artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, non é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a**
 - a) Estatística para os fins da Comunidade Autónoma
 - b) Asistencia social
 - c) Promoción do desenvolvemento comunitario
 - d) Organización do Ministerio Fiscal en Galicia

- 5. De acordo co artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o/a Presidente/a da Xunta será elixido/a por**
- a) O Parlamento galego de entre os seus membros
 - b) O Parlamento galego entre persoas de recoñecido prestixio
 - c) O Consello de Goberno da Xunta entre os seus membros
 - d) A Mesa do Parlamento entre os seus membros
- 6. De acordo co artigo 25 da Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, non son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma**
- a) As Consellerías
 - b) As Secretarías Xerais
 - c) As Direccións Xerais
 - d) A Presidencia da Xunta de Galicia
- 7. Segundo o artigo 38 da Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os regulamentos adoptarán a forma de Decreto se son aprobados por**
- a) O Parlamento de Galicia
 - b) O Consello da Xunta de Galicia
 - c) As Consellerías
 - d) As entidades públicas instrumentais

8. Como actos xurídicos da Unión Europea, as directivas

- a) Terán un alcance xeral, serán obrigatorias en todos os seus elementos e directamente aplicables en cada Estado membro
- b) Serán obrigatorias en todos os seus elementos e cando designen destinatarios, só serán obrigatorias para estes
- c) Obrigan ao Estado membro destinatario en canto ao resultado que deba conseguirse, deixando ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios
- d) Non serán vinculantes pero si motivadas

9. Segundo o artigo 71.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o procedemento impulsarase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, sometido ao principio de

- a) Veracidade
- b) Celeridade
- c) Responsabilidade
- d) Unidade

10. De acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que recurso cabe contra disposicións administrativas de carácter xeral?

- a) Non cabe recurso en vía administrativa
- b) Cabe recurso de alzada
- c) Cabe recurso extraordinario de revisión
- d) Non cabe recurso en vía algunha

- 11. A publicidade que utilice a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio, será considerada, segundo o disposto na Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero**
- a) Falta administrativa
 - b) Acto delictivo
 - c) Publicidade ilícita
 - d) Non regula nada ao respecto
- 12. Segundo o artigo 29 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables en ningún caso:**
- a) Os gastos de asesoría xurídica ou financeira
 - b) Os gastos notariais e rexistrals
 - c) Os intereses debedores das contas bancarias
 - d) Os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado
- 13. Cal das seguintes non é unha fase do gasto segundo o artigo 73 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia?**
- a) O ordenamento do pago
 - b) O recoñecemento da obriga
 - c) O recoñecemento do dereito
 - d) A autorización do gasto

- 14. Segundo o artigo 40 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario incluído no ámbito de aplicación desta lei agrúpase en**
- a) Grupos e subgrupos
 - b) Categorías
 - c) So escalas
 - d) Corpos e Escalas
- 15. Segundo o artigo 29.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o acceso da cidadanía á información do Portal de transparencia e Goberno aberto respectará os principios de:**
- a) Veracidade
 - b) Integridade e dispoñibilidade
 - c) Accesibilidade, interoperabilidade e reutilización
 - d) Axilidade e veracidade
- 16. A situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións con as demais considérase, a efectos do Real Decreto Lexislativo 1/2013:**
- a) Discriminación directa
 - b) Discriminación indirecta
 - c) Discapacidade
 - d) Inaccesibilidade universal

17. Cal dos seguintes negocios ou contratos non quedan excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público?

- a) A relación de servizo dos funcionarios públicos e os contratos regulados na lexislación laboral.
- b) Convenios e encomendas de xestión
- c) Os contratos relativos a servizos de arbitraje e conciliación
- d) A redacción do proxecto dunha obra

18. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia

- a) As linguas propias de Galicia son o galego e o castelán
- b) Todas as persoas teñen o deber de coñecer o galego e o castelán
- c) Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua
- d) Os poderes públicos autonómicos potenciarán o uso do castelán en Galicia

19. Cal das seguintes actividades privadas é incompatible co exercicio das funcións de alto cargo, segundo a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno?

- a) O desenvolvemento de cargos de toda índole en empresas ou sociedades que teñan contratos co sector público estatal, autonómico ou local.
- b) A representación da Administración autonómica nos órganos colexiados.
- c) O desenvolvemento de misións temporais de representación ante organizacións ou conferencias, nacionais e internacionais.
- d) O cargo de deputado ou deputada no Parlamento de Galicia, excepto para os membros do Goberno galego.

20. O Tribunal de Contas da Unión é competente para

- a) Autorizar a emisión do euro
- b) Examinar as contas da totalidade dos ingresos e gastos da Unión.
- c) Dirixir a política monetaria
- d) Coñecer os recursos interpostos contra as resolucións dos tribunais especializados

21. A frecuencia absoluta é..

- a) A suma de todas as frecuencias relativas
- b) O número de datos que hai igual ao considerado e inferiores a el
- c) O número de veces que se repite cada valor ou dato do variable
- d) O conxunto de valores cando toman un número infinito

22. Para datos cuantitativos agrupados a representación gráfica realízase mediante:

- a) O histograma de frecuencias
- b) Diagramas sectoriais
- c) Cartogramas
- d) Pictogramas

23. A media é o promedio aritmético dunhas puntuacións

- a) Só no caso da media aritmética
- b) Só no caso de datos con valores expresados en termos relativos
- c) Só cando hai repeticións na suma
- d) Ningunha das anteriores

24. A moda

- a) Utilízase para dividir á distribución en partes iguais
- b) É o valor da distribución ao que corresponde a maior frecuencia absoluta
- c) Só pode haber unha por distribución
- d) Só pódese usar en distribucións agrupadas en intervalos

25. A variancia é un estatístico que representa

- a) O grao de apuntamento dun histograma
- b) A tendencia central dos datos
- c) O grao de dispersión que teñen entre si unhas puntuacións
- d) Aqueles valores que aparecen moi raramente

26. O índice de Gini

- a) É unha medida de posición
- b) Utilízase para analizar a dispersión ao redor dunha media dunha variable como, por exemplo, a renda
- c) Utilízase para calcular o valor da variable que máis veces repítese
- d) É un indicador do grao de equidistribución da variable

27. Cando analizamos a distribución bidimensional de atributos:

- a) A táboa obtida denomínase de correlacións
- b) A táboa de dobre entrada denomínase de continxencia
- c) Obtemos unha táboa de correccións de Sheppard cando a distribución ten forma de J
- d) Para analizar a independencia entre eles podemos recorrer á curva de Lorenz

28. Dúas variables x e y son independentes estatisticamente:

- a) Cando a frecuencia relativa conxunta é igual ao produto das frecuencias relativas marxinais
- b) Cando están relacionadas ou asociadas
- c) Cando as súas distribucións condicionadas non son iguais
- d) Cando as frecuencias relativas conxuntas son nulas

29. Ao calcular a covariancia entre variables:

- a) Se é nula, implicará que hai independencia estatística
- b) É nula cando hai independencia estatística
- c) Se é distinta de cero, indicaranos que non hai relación entre os variables
- d) Equivale ao momento respecto á orixe

30. As medias marxinais son:

- a) As medias condicionais ponderadas coas frecuencias marxinais
- b) As que se obteñen a partir das correlacións da distribución marxinal
- c) As condicionais que se obteñen das frecuencias acumuladas
- d) Ningunha das anteriores

31. Os números índices simples

- a) Elabóranse para recoller as diferenzas, absolutas e relativas, das magnitudes que os compoñen
- b) Non teñen en conta a diferente importancia relativa das magnitudes simples dentro do conxunto
- c) Non se poden utilizar para deflactar series económicas
- d) Serven para analizar a dispersión dunha variable

32. A suma de todas as repercusións individuais de cada compoñente dun índice:

- a) É igual á variación total do índice xeral
- b) Cando se calcula en porcentaxe con relación ao valor do índice, non coincide coa variación porcentual do índice xeral
- c) Non se utiliza para o índice de Laspeyres
- d) Só pódense utilizar cando son iguais, tomadas en incrementos

- 33. Non é unha compoñente dunha serie de tempo:**
- a) Tendencia
 - b) Variacións estacionais
 - c) Variacións residuais
 - d) Variacións condicionais
- 34. O método que non se utiliza para desestacionalizar unha serie temporal é:**
- a) Medias móbiles
 - b) Axuste polinómico
 - c) Método das relacións das medias mensuais (cando a serie non presenta tendencia)
 - d) Método das relacións de medias mensuais respecto á tendencia
- 35. Un método para analizar a asociación entre dúas variables é o coeficiente de asociación H, o cal:**
- a) Se é igual a cero indícanos que os atributos están asociados
 - b) Se é maior que cero nos indica que os atributos presentan unha asociación positiva
 - c) Se é distinto de cero indícanos que os atributos son independentes
 - d) Ningunha das anteriores
- 36. Un sistema funciona só cando funcionan simultaneamente os seus dous compoñentes, A e B. Se a probabilidade de que A funcione é 0.98, a probabilidade de que B funcione é 0.95 e a probabilidade de que funcione algunha delas é 0.99, a probabilidade de que funcione o sistema é:**
- a) 0.99
 - b) 0.94
 - c) 0.97
 - d) 0.90

37. O resultado dunha variable aleatoria X depende do valor que tome outra variable aleatoria Y segundo a relación: $X = 1 - Y^2$. Si $E(Y) = 0.2$ y $\text{Var}(Y) = 0.41$, entón:
- $E(X) = 0.64$
 - $E(X) = 0.97$
 - $E(X) = 0.55$
 - $E(X) = 0.96$
38. A cada un dos 15 servidores dunha gran empresa chegan de media 4 mensaxes cada hora, sendo independentes as cantidades de mensaxes que chegan a cada servidor. Supoñendo que estas chegadas son xeradas por un proceso de Poisson, cal é a probabilidade de que exactamente a 12 dos 15 servidores chegue algunha mensaxe (un ou máis) ao longo dos próximos 30 minutos?
- $P(Y=12)$, con $Y \in \text{Poiss}(\lambda = 2)$
 - $P(Y=12)$, con $Y \in \text{Binomial}(n = 15, p = (1 - e^{-2}))$
 - $P(Y=12)$, con $Y \in \text{Poiss}(\lambda = 30)$
 - $P(Y=12)$, con $Y \in \text{Binomial}(n = 15, p = e^{-2})$
39. O tempo transcorrido entre dous atascos de papel consecutivos dunha impresora segue unha distribución exponencial de media 120 horas. Calcular a probabilidade de que non se produza ningún atasco de papel durante polo menos 500 horas desde o último atasco.
- $e^{-\frac{25}{6}}$
 - e^{-500}
 - $e^{-\frac{1}{120}}$
 - e^{-1}
40. A suma dun número suficientemente grande de variables aleatorias
- Segue unha distribución normal sempre.
 - Se aproxima por unha distribución uniforme sempre
 - Se aproxima por una distribución normal se as variables son independentes.
 - Ningunha das respostas anteriores.

41. Un fabricante de placas solares somete a súa produción a dúas probas. A función que describe a porcentaxe de placas solares que superan as dúas probas é

$$f(x, y) = 8xy \text{ si } 0 \leq y \leq x \leq 1.$$

A variable aleatoria X representa a porcentaxe de placas solares que pasan a proba A, e Y representa a porcentaxe de placas solares que pasan a proba B.

- a) $E(X) = E(Y)$
- b) $E(X)=4/5$ y $E(Y)=8/15$
- c) $Var(X)=Var(Y)$
- d) $Var(X)=4/5$ e $Var(Y)=8/15$

42. Dada unha variable bidimensional (X,Y), verificase:

- a) $Var(X - Y) = Var(X) - Var(Y)$
- b) $Var(X - Y) = Var(X) + Var(Y)$
- c) $Var(X - Y) = Var(X) + Var(Y) + 2Cov(X, Y)$
- d) $Var(X - Y) = Var(X) + Var(Y) - 2Cov(X, Y)$

43. A distribución Chi-cuadrado con n graos de liberdade é:

- a) Un caso particular da distribución Gamma.
- b) Unha distribución simétrica relacionada coa distribución normal.
- c) Suma de n variables con distribución $N(0, 1)$.
- d) Se aproxima pola normal para $n > 30$.

44. Para estimar a variancia dunha distribución de Poisson, pode resultar adecuado utilizar a media muestral?

- a) No, sería absurdo
- b) Si, pois é un estimador inesgado para dita variancia
- c) Si, pois o seu cadrado é un estimador inesgado para dita variancia
- d) Ningunha das anteriores

45. A vida media de funcionamento dunha determinada marca de teléfono móbil é unha variable aleatoria con distribución exponencial de parámetro θ . Observouse unha mostra de 10 teléfonos desta marca cos seguintes resultados de vida media en anos: 2,4,3,5,6,4,3,4,5,4. A partir destes datos, obter a estimación de θ polo método dos momentos.

- a) 0.25
- b) 4
- c) 2.2327
- d) Non se pode calcular ao non ser unha variable normal.

46. Un estimador inesgado da variancia dunha poboación é:

a)
$$\frac{1}{n-1} \sum_{i=1}^n X_i^2 - \frac{n}{n-1} \bar{X}^2.$$

b)
$$\frac{1}{n} \sum_{i=1}^n X_i^2 - \bar{X}^2.$$

c)
$$\frac{1}{n} \sum_{i=1}^n (X_i^2 - \bar{X}^2).$$

- d) So se pode calcular se a variable é normal.

47. Deséxase estimar unha proporción cunha confianza do 99% e un erro máximo de 0.01. Non se dispón de información previa sobre o valor para estimar. O tamaño muestral mínimo que hai que utilizar é:

- a) 16577.
- b) 3765.
- c) 124.
- d) 99

48. O p-valor dun contraste de hipótese resultou ser 0.08. Cun nivel de significación $\alpha = 0.05$.

- a) Rexeitamos a hipótese nula.
- b) Non rexeitamos a hipótese nula, aínda que si a rexeitamos se o nivel de significación fose 0.10.
- c) Rexeitaríamos ou non a hipótese nula dependendo de se o contraste fose unilateral ou bilateral, respectivamente
- d) Rexeitamos ou non a hipótese nula dependendo de que a variable sexa normal.

49. No contraste de bondade de axuste de Kolmogorov- Smirnov, cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Se a variable en estudo é continua, débense facer intervalos de clase para realizar este contraste.
- b) É válido para contrastar a bondade de axuste de calquera distribución continua, excepto a normal.
- c) Ten o inconveniente de que se se necesitan estimar parámetros da poboación mediante a mostra, varían os graos de liberdade do estatístico de contraste.
- d) Non se pode realizar se a distribución de contraste é discreta.

50. Consideramos o modelo de regresión lineal simple con erro normalmente distribuído:

$$Y_i = \beta_0 + \beta_1 x_i + e_i \text{ para } i = 1, \dots, n.$$

Cal das seguintes afirmacións non é correcta:

- a) A liña de regresión sempre pasa polo punto (\bar{x}, \bar{Y}) .
- b) $\beta_{yx} = \frac{s_{xy}}{s_x}$
- c) $\beta_{yx} = \beta_{xy}^{-1}$
- d) $\sum_{i=1}^n Y_i = \sum_{i=1}^n \hat{Y}_i$

51. Os membros dun laboratorio informático cren que o software dun prototipo de robot que crearon ten un proporción de acerto superior a 0.93, o cal pretenden demostrar a través dun contraste de hipótese. Se lle asignaron 200 tarefas e o seu software acertou en 196 delas, entón:

- a) O p-valor do contraste de hipótese correspondente é 0.0028; por tanto, cun nivel de significación = 0.05, podemos considerar demostrada a hipótese exposta no laboratorio.
- b) O p-valor do contraste de hipótese correspondente é 0.0028; por tanto, cun nivel de significación = 0.002, podemos considerar demostrada a hipótese exposta no laboratorio.
- c) O p-valor do contraste de hipótese correspondente é 0.0056; por tanto, cun nivel de significación = 0.01, podemos considerar demostrada a hipótese exposta no laboratorio.
- d) O p-valor do contraste de hipótese correspondente é 0.0056; por tanto, cun nivel de significación = 0.05, podemos considerar demostrada a hipótese exposta no laboratorio.

52. Na análise de series temporais cal das seguintes afirmacións é falsa

- a) Un proceso MA(1) é sempre invertible.
- b) Un proceso MA(1) é sempre estacionario
- c) Un proceso AR(1) é sempre invertible
- d) Un proceso MA(2) é sempre estacionario

53. Nunha poboación de $N = 10\,000$ unidades, utilízase un procedemento de mostraxe aleatoria sen reposición con probabilidades desiguais de inclusión na mostra para os elementos da poboación e tamaño da mostra fixo n . A probabilidade de inclusión na mostra de certa unidade da poboación é 0.02 e a suma das probabilidades de inclusión de segunda orde da devandita unidade con cada unha das outras 9999 é 6.6 . O tamaño da mostra é:

- a) $n = 200$
- b) $n = 330$
- c) $n = 331$
- d) $n = 1320$

54. Na mostraxe aleatoria simple sen reposición nunha poboación de tamaño N , cun tamaño de mostra n , para estimar a proporción P de unidades na poboación que teñen certo atributo, utilízase o estimador inesgado p , proporción de unidades co atributo na mostra. Sendo $q = 1 - p$, o estimador inesgado da variancia de p é:

- a) $\frac{pq}{n - 1}$
- b) $\frac{N - n}{N} \cdot \frac{pq}{n - 1}$
- c) $\frac{N - n}{N - 1} \cdot \frac{pq}{n - 1}$
- d) $\frac{N - n}{N - 1} \cdot \frac{pq}{n}$

55. Para estimar a media poboacional \bar{Y} dunha variable cuantitativa Y , nunha poboación formada por varios estratos, selecciónase unha mostra aleatoria estratificada, con mostraxe aleatoria simple sen reposición dentro de cada estrato, despois de repartir un tamaño total de mostra fixo n entre os estratos. A media simple da mostra global, suma dos valores observados da variable nas mostras de todos os estratos, dividido entre n :

- a) É un estimador inesgado de \bar{Y} , calquera que sexa o método de repartición da mostra entre os estratos.
- b) É un estimador inesgado de \bar{Y} , baixo repartición igual da mostra entre os estratos.
- c) É un estimador inesgado de \bar{Y} , baixo repartición óptima da mostra entre os estratos.
- d) É un estimador inesgado de \bar{Y} , baixo reparto da mostra proporcional ao tamaño (número de unidades) dos estratos.

56. Na mostraxe aleatoria simple sen reposición de conglomerados de distinto tamaño, nunha etapa, quérese estimar a media poboacional por unidade elemental de certa variable mediante o estimador de razón, co tamaño como variable auxiliar. Para iso, con respecto aos tamaños dos conglomerados, necesítase coñecer:

- a) Os tamaños de todos os conglomerados que forman a poboación.
- b) Só os tamaños dos conglomerados seleccionados na mostra.
- c) Os tamaños dos conglomerados seleccionados na mostra e o tamaño total de todos os conglomerados da poboación.
- d) Só o tamaño total de todos os conglomerados da poboación.

57. Con referencia ao record linkage, cal das seguintes afirmacións é falsa?

- a) A aproximación determinística ignora o feito que certos identificadores o determinados valores teñen mas poder discriminatorio que outros
- b) Hai dous tipos de algoritmos de linkage: determinístico e probabilístico
- c) O algoritmo EM é outro métodos alternativo de linkage s
- d) Existe un único tipo de error de acuracidade, cando un non coincidente é clasificado coma coincidente

58. Marca a resposta correcta:

- a) A análise lonxitudinal considera conxuntamente e de forma non diferenciada aos individuos das diferentes xeracións
- b) A análise transversal fai o seguimento dunha cohorte ou xeración ao longo do tempo do calendario
- c) Nun diagrama de Lexis, se facemos unha análise transversal esta estará representada nunha liña paralela ao eixo de ordenadas (eixo vertical)
- d) Se queremos estudar a situación nun determinado momento do tempo dunha xeración faremos unha análise lonxitudinal

59. Cal destas afirmacións sobre a “Esperanza de vida” é correcta:

- a) É unha medida de tipo lonxitudinal
- b) Trata de determinar a supervivencia dunha cohorte ou xeración ao longo do tempo, permite determinar o promedio de vida dun individuo de dita cohorte
- c) O seu valor representa o número promedio de anos que a unha persoa dunha xeración réstanlle por vivir aínda que cambien as condicións de mortalidade
- d) Só se pode calcular a esperanza de vida ao nacer

60. Na análise demográfica, o fluxo de nacementos é utilizado para definir dous fenómenos diferentes: a natalidade e a fecundidade.

- a) A natalidade mide a frecuencia con que se produce o suceso no conxunto da poboación
- b) A natalidade mide a frecuencia do suceso en relación coa poboación de mulleres en idade fértil
- c) Intensidade e calendario non son variables importantes a ter en conta cando se estudia a fertilidade
- d) A estrutura por idades das mulleres non inflúe nos valores que poidamos obter nunha análise de fluxo de nacementos

61. Calquera cambio de residencia afecta, necesariamente, a dous lugares: o de orixe e o de destino

Marca a resposta correcta:

- a) Para a mesma corrente migratoria as taxas de emigración e inmigración parcial terán o mesmo valor
- b) Non podemos definir taxas netas de intercambio migratorio entre dúas áreas
- c) O fluxo de persoas que se desprazan dende un lugar de orixe ata un lugar de destino coñécese coma “corrente migratoria”
- d) O índice de compensación non permite calcular as correntes migratorias entre dúas localidades

62. Unha pirámide de idades:

- a) O ancho da base dunha pirámide ven determinado polos datos de mortalidade
- b) Consiste en dous histogramas enfrontados nos que a superficie de cada unha das barras representa o peso do correspondente grupo de idade e sexo
- c) Adoitan representarse os rangos de idade no eixo vertical co histograma correspondente ás mulleres situado á esquerda do gráfico
- d) Unha base estreita correspóndese cunha elevada natalidade

63. Os mecanismos básicos que foron utilizados tradicionalmente para estimar unha poboación nun momento $t+n$ son:

-Modelo de extrapolación

-Método das compoñentes

Marca a resposta correcta:

- a) O modelo de extrapolación ten coma principio básico a desagregación do crecemento da poboación nos seus compoñentes demográficos fundamentais
- b) Para proxectar unha poboación dende unha poboación base ou de referencia non é necesario proxectar as 3 compoñentes do cambio poboacional: mortalidade, natalidade e migración
- c) Os modelos de extrapolación baséanse na hipótese de partida de que o crecemento da poboación nunha área determinada presenta un comportamento regular, polo tanto as condicións que o afectan manteranse constantes no futuro ou variarán de forma gradual (xa sexa lineal, xeométrica ou exponencialmente)
- d) Á hora de proxectar unha poboación podemos plantexar diferentes escenarios segundo a hipótese que creamos máis convinte. Na hipótese alta (maior crecemento posible da poboación a proxectar) o escenario será o de maior fecundidade, maior inmigración e maior mortalidade

64. Segundo o enfoque do gasto (ou vía da demanda) para calcular o Produto Interior Bruto (PIB) temos que:

- a) Sumar os valores engadidos de todas as actividades de produción máis os impostos menos as subvencións aos produtos.
- b) Sumar os gastos finais destinados ao consumo ou ao incremento da riqueza, máis as exportacións menos as importacións de bens e servizos.
- c) Sumar todas as rendas obtidas no proceso de produción, máis os impostos sobre a produción e as importacións menos as subvencións.
- d) Sumar os activos e pasivos dos que se dispón nun momento concreto.

65. A produción é unha operación de bens e servizos segundo o Sistema Europeo de Contas (SEC-2010). Indique cal das seguintes afirmacións é a correcta:

- a) A produción inclúe os servizos domésticos e persoais que se producen e consumen no propio fogar.
- b) O SEC-2010 distingue tres tipos de produción: de mercado, para uso final propio e non de mercado.
- c) As actividades de voluntariado que producen servizos deben considerarse produción de mercado.
- d) Comprende as adquisicións menos as cesións de activos fixos realizadas polos produtores residentes durante un período determinado.

66. Cal é o saldo contable e o principal agregado da conta de produción da economía?

- a) Valor engadido bruto e Produto interior bruto
- b) Saldo de rendas primarias e Renda nacional bruta
- c) Aforro bruto e aforro nacional bruto
- d) Déficit público e débeda pública

67. Sinale a afirmación correcta no que se refire ás táboas de orixe e destino e o marco input-output

- a) Para cada produto, a oferta é igual á suma de todos os consumos intermedios, igualdade que se amosa en cada unha das filas equilibradas do marco de orixe e destino.
- b) Nunha táboa de orixe rexístrase a oferta de bens e servizos por produtos e por rama de actividade, así como as exportacións da produción interior.
- c) Unha táboa de destino amosa os empregos de bens e servizos por produtos e tipo de destino (consumo intermedio, gasto en consumo final, formación bruta de capital e exportacións).
- d) Nunha táboa de orixe rexístrase a demanda de bens e servizos por produtos e por rama de actividade, así como as exportacións da produción interior.

68. A definición de “posto de traballo” segundo o SEC-2010 é:

- a) Contrato explícito ou implícito entre unha persoa e unha unidade institucional residente, para realizar un traballo a cambio dunha remuneración durante un período definido ou indefinido de tempo.
- b) Persoa que proporciona, ou está dispoñible para proporcionar, a oferta de traballo para as actividades produtivas incluídas dentro da produción en contas nacionais.
- c) Propietarios o copropietarios das empresas non constituídas en sociedade na que traballan.
- d) Persoa que durante o período de referencia atopábase sen traballo, dispoñible para traballar e buscando traballo.

69. Cando o banco central compra bonos nunha operación de mercado aberto:

- a) Redúcese a base monetaria e, por iso, a oferta monetaria
- b) Aumenta a base monetaria e, por iso, a oferta monetaria
- c) Redúcese o cociente entre as reservas e os depósitos
- d) O banco central non pode comprar bonos nun mercado aberto

70. O tipo de cambio nominal:

- a) É a relación á que a xente intercambia a moeda dun país pola doutro
- b) É a relación á que a xente intercambia os bens producidos nos dous países
- c) É igual ao cambio real multiplicado polo IPC do noso país
- d) A súa apreciación dá lugar a un aumento das exportacións netas

71. A taxa natural de paro

- a) É a proporción de ocupados que perde o seu emprego cada mes
- b) É o nivel medio en torno ao cal flutúa a taxa de paro
- c) Non se ve alterada polas medidas que se usen para influír na taxa de destrución de emprego
- d) Ningunha das anteriores

72. A diferenza fundamental entre o funcionamento da economía a longo e curto prazo

- a) Non hai diferenzas fundamentais no funcionamento da economía no longo e curto prazo
- b) Áchase en que a curva de oferta no longo prazo é horizontal e a curto é vertical
- c) Áchase en que os prezos son ríxidos a longo prazo e flexibles a curto
- d) Áchase en que os prezos son flexibles a longo prazo e ríxidos a curto

73. No procedemento de recollida de información coñecido co acrónimo CATI, esta obtense

- a) Con axentes que fan entrevistas telefónicas asistidas por ordenador
- b) A partir de medidores que almacenan os datos
- c) Mediante a captura ou consulta de datos accesibles ao público
- d) A través da observación directa

74. Cal das seguintes NON é unha fase (nivel 1) do GSBPM v5?

- a) Deseño (Design)
- b) Recolección (Collect)
- c) Imputación (Impute)
- d) Análise (Analyse)

75. Segundo a nomenclatura de unidades territoriais estatísticas (NUTS) creada por Eurostat, a Comunidade Autónoma de Galicia inclúese dentro da categoría

- a) NUT 1
- b) NUT 2
- c) NUT 3
- d) NUT 4

- 76. Segundo o artigo 35 da Lei 9/1988 de estatística de Galicia, as infraccións leves sancionaranse con multa de**
- a) 10 a 50 euros
 - b) 50 a 100 euros
 - c) 100 a 500 euros
 - d) 500 a 1000 euros
- 77. Segundo o artigo 26 da Lei 12/1989 da función estatística pública, ao Instituto Nacional de Estatística correspóndelle a coordinación xeral dos servizos estatísticos**
- a) Do Estado e das Comunidades Autónomas
 - b) Da Administración Estatal
 - c) Das Administracións estatal, autonómica e local
 - d) Do Estado e das Comunidades Autónomas só para estatísticas de interese compartido
- 78. Indique que valor devolve a execución en R das sentenzas:**
`a=list(2:5,length,a=1); a[[2]](a[[a$a]])`
- a) 5
 - b) 4
 - c) 2
 - d) 1
- 79. En SQL, un “natural join” asocia as tuplas nas que coincidan os valores das variables**
- a) que forman a clave de cada táboa
 - b) que se indican na cláusula ON
 - c) que ocupan a mesma posición en cada táboa
 - d) que teñen igual nome das dúas táboas

80. As cabeceiras dunha táboa html van dentro do elemento

- a) <thead>
- b) <header>
- c) <head>
- d) <title>

PREGUNTAS RESERVA

- 81. En relación co réxime do concello aberto, o artigo 140 da Constitución española de 1978 establece que**
- a) Só será posible en municipios rurais
 - b) A Lei regulará as condicións nas que proceda
 - c) Só se permite se o acepta a maioría absoluta das persoas residentes
 - d) Deberá someterse a referendo consultivo dos veciños/as
- 82. Sábese que unha enfermidade ten unha mortalidade de 0.01. Calcula o número (máximo) de persoas enfermas para que a probabilidade de que ningunha morra sexa polo menos 0.9.**
- a) 90.
 - b) 10.
 - c) 62.
 - d) 99
- 83. O ámbito no que pretende ser aplicable o estándar GSBPM v5 o compoñen**
- a) as actividades de realización de enquisas e censos realizadas polos produtores de estatísticas oficiais que dean lugar a produtos
 - b) as actividades de realización de enquisas e censos realizadas polos produtores de estatísticas tanto oficiais como privadas que dean lugar a produtos
 - c) todas as actividades realizadas polos produtores de estatísticas oficiais que dean lugar a produtos
 - d) todas as actividades realizadas polos produtores de estatísticas tanto oficiais como privadas que dean lugar a produtos

84. A conta de asignación da renda primaria:

- a) Pode calcularse por sector institucional e rama de actividade
- b) O saldo contable desta conta é o valor engadido bruto
- c) A remuneración dos asalariados que recolle esta conta é igual á remuneración dos asalariados da conta de explotación.
- d) Pode calcularse unicamente para os sectores e subsectores institucionais

85. O efecto de Fisher di que:

- a) O tipo de interese nominal coincide co tipo de interese real
- b) En ningún caso a demanda de diñeiro dependerá da cantidade de diñeiro en circulación
- c) Que os prezos non están relacionados coa oferta e demanda de diñeiro no mercado
- d) Que o tipo de interese nominal varía na mesma contía que a inflación esperada

- 1. Según la Constitución española de 1978, es un derecho fundamental el de:**
 - a) Libre elección de profesión
 - b) Contraer matrimonio
 - c) Protección de la salud
 - d) Asociación

- 2. De acuerdo con lo dispuesto en la Constitución Española de 1978, la soberanía nacional reside**
 - a) En la Jefatura del Estado, de la del que emanan los poderes del Estado
 - b) En el Pueblo español, del que emanan los poderes del Estado
 - c) En las Cortes Generales, de las que emanan los poderes del Estado
 - d) En la Nación española, de la que emanan los poderes del Estado

- 3. La Constitución española de 1978 establece que la autorización para convocar consultas populares por vía de referéndum es competencia**
 - a) Estatal, cuando no haya sido asumida por las Comunidades Autónomas
 - b) De las Comunidades Autónomas, cuando no haya sido asumida por el Estado
 - c) Exclusiva del Estado
 - d) Compartida entre el Estado y las Comunidades Autónomas

- 4. De acuerdo con el artículo 27 del Estatuto de Autonomía de Galicia, no es competencia exclusiva de la Comunidad Autónoma la**
 - a) Estadística para los fines de la Comunidad Autónoma
 - b) Asistencia social
 - c) Promoción del desarrollo comunitario
 - d) Organización del Ministerio Fiscal en Galicia

5. De acuerdo con el artículo 15 del Estatuto de Autonomía de Galicia, el/la Presidente/a de la Xunta será elegido/a por

- a) El Parlamento gallego de entre sus miembros
- b) El Parlamento gallego entre personas de reconocido prestigio
- c) El Consejo de Gobierno de la Junta entre sus miembros
- d) La Mesa del Parlamento entre sus miembros

6. De acuerdo con el artículo 25 de la Ley 16/2010 de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia, no son órganos superiores de la Administración general de la Comunidad Autónoma

- a) Las Consejerías
- b) Las Secretarías Generales
- c) Las Direcciones Generales
- d) La Presidencia de la Xunta de Galicia

7. Según el artículo 38 de la Ley 16/2010 de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia, los reglamentos adoptarán la forma de Decreto si son aprobados por

- a) El Parlamento de Galicia
- b) El Consejo de la Junta de Galicia
- c) Las Consejerías
- d) Las entidades públicas instrumentales

8. Como actos jurídicos de la Unión Europea, las directivas

- a) Tendrán un alcance general, serán obligatorias en todos sus elementos y directamente aplicables en cada Estado miembro
- b) Serán obligatorias en todos sus elementos y cuando designen destinatarios, sólo serán obligatorias para éstos
